

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIONS

EXPEDIENTE: <u>C87502:165</u>
SITUACIÓN: <u>FONTE DA Balsa, B-III, P-2, 2º F - SANTA MARÍA DE RUTIS - CULLEREDO</u>

Por resolución da Xefatura Territorial de A Coruña de data 04 de novembro de 2011 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente C87502:165, ó abeiro do disposto no artigo 64 da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Consonte ó establecido no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, o pasado día 27 de decembro de 2011 celebrouse sorteo ante notario entre as persoas que no prazo citado no parágrafo anterior presentaron solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes. Como consecuencia de dito sorteo logo da exclusión, por desestimento, da adxudicataria anterior e unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias, o xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na Coruña

ACORDA:

Declarar adquirente a don/a MANUEL BALDOMIR CABANAS (nº credencial 26,269)

Contra dita resolución que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

A Coruña, 03 de abril de 2012.

O/A Xefe/a Territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Asdo.: Jose Antonio Álvarez Vidal